

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



NOVAS

NOTA INFORMATIVA DO 22 DE ABRIL DE 2019.

PUBLICACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE BAREMACIÓN DAS LISTAXES DE SELECCIONADOS/AS, SUPLENTES E EXCLUIDOS/AS DAS PRAZAS PARA A PARTICIPACION NO PROGRAMA MUNICIPAL “VIGO EN INGLES 2019”.

Prezada familia, o luns 22/04/2019 publicouse a 1ª Acta da Comisión de Valoración da convocatoria para alumnado de 3º de ESO coa proposta de resolución provisional de baremación das listaxes de seleccionados/as, suplentes e excluídos/as das prazas para a participación no programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2019” (Expte. 22843-332)

Conforme ao contido das bases da convocatoria, determínase que por procedemento ordinario todos aqueles interesados/as contarán cun periodo de 10 días hábiles contados a partires do día seguinte á publicación desta acta na web do programa <http://www.vigoeningles.org.>, é dicir do martes 23 de abril ao martes 7 de maio, para a presentación de reclamacións ou enmenda de erros advertidos.

NESTE INTRE NON HAI QUE ENTREGAR ANEXO V DE ACEPTACIÓN PRAZA NIN EFECTUAR PAGAMENTO ALGÚN

Con posterioridade á resolución das reclamacións achegadas, estes listados provisionais serán elevados á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación definitiva por parte deste órgano competente, e será “logo desta aprobación definitiva da concesión das prazas”, cando o Servizo Municipal de Educación comunicará con antelación suficiente a todos os beneficiarios/as, o proceso concreto para achegar o anexo V de aceptación ou renuncia de praza e proceder naqueles casos que esté determinado a efectuar o pagamento da contía asignada correspondente de achega familiar.